

LINGUA GALEGA 6ºEP

Ola, meus chicos e chicas de 6º de primaria!!

O último día de clase de Lingua Galega fixemos o exame do tema 2, así que esta semana comezaremos o tema 3 desta materia.

A continuación, déixovos as actividades que debes facer estes días desde casa. Calquera dúbida, enviádeme un correo: profeantia@gmail.com

Actividade 1:

Ler a lectura inicial da unidade 3 que aparece nas páxinas 50, 51 e 52 para saber como continúa a historia de CAT01, UX02 e MAR04. Facer

Facer mentalmente os exercicios 1, 2, 3, 4 e 5 da páxina 53 para asegurarnos de que comprendestes ben a lectura. Non tedes que facer os exercicios no caderno. Facede os exercicios oralmente igual que facemos sempre na clase.

Actividade 2:

Neste tema de Lingua Galega aprenderemos a describir lugares fantásticos, para iso debes seguir os pasos que aparecen nos cadros azuis da páxina 49 do libro.

Describir un lugar fantástico é explicar como imaxinamos un lugar que non existe na realidade seleccionando as características que mellor definan ese lugar.

Ler a descrición que aparece a continuación e **facer os exercicios 2 e 4 da páxina 49** do libro de Lingua Galega.

O que vían desde alí era un magnífico val. Había verdes outeiros a ambos os lados do val, e no fondo do mesmo fluía un ancho río de cor marrón.

É máis, había unha enorme cascada no río, un escarpado cantil sobre o que a auga rodaba e ondulaba nunha sólida capa, e logo estrelábase nunha ferverenza, espumoso remuñiño de salpicaduras.

Debaixo da cascada (e este era o espectáculo máis maravilloso de todos) unha masa de enormes tubos de vidro penduraba sobre o río dende algún sitio do teito, a grande altura.

Eran realmente enormes estrés tubos. Debía haber, polo menos, unha ducia, e o que facía era succionar a auga escura e barrosa do río para levala a Deus sabe onde. E como estaban feitos de vidro, podía verse fluir o líquido a cachón no seu interior, e por riba do ruído da cascada podía oírse o interminable son de succión dos tubos a medida que facían o seu traballo.

Gráciles árbores e arbustos medraban ao carón das beiras do río, salgueiros choróns e amieiros e altos rododendros cheos de abrochos violetas e rosados. Nos outeiros medraban miles de botóns de ouro.

– Mirade! – exclamou o señor Wonka, bailando exaltado e sinalando o río de cor marrón co seu bastón de puño dourado –. Ese río é de chocolate derretido quente da mellor calidade. Dunha calidade insuperable.

Estas actividades debedes facelas no caderno de Lingua Galega. Non tedes que copiar o texto, únicamente facede os exercicios 2 e 4 da páxina 49 e unha vez rematados, enviádemme fotos ao meu correo.

Ollo coas faltas de ortografía e os signos de puntuación cando fagades o exercicio 4. Revisádeo ben unha vez rematado e recordade seguir os pasos que aparecen nesa mesma páxina para facer a vosa descrición dun lugar fantástico (aproximadamente 10 liñas).

Actividade 3:

Nesta unidade comezaremos a traballar cos verbos, polo tanto, é importante que comecemos a estudalos.

Comezaremos estudando a **PRIMEIRA CONXUGACIÓN**, é dicir, os **verbos rematados en –AR (estar, cantar, xogar, estudar, bailar, saltar...)**. De momento estudaremos únicamente o seguinte:

- **FORMAS NOMINAIS: infinitivo, xerundio e participio.**
- **MODO INDICATIVO: presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro e pospretérito.**

Na páxina 92 do libro tedes o VERBO ESTAR conxugado para poder estudar. Déixovos tamén un enlace que podedes empregar para ver conxugados outros verbos rematados en –AR: <http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html>

MOITO ÁNIMO, MEUS CHICOS E CHICAS!!!

UN BICO MOI GRANDE!!!

Antía.